



Concello de Folgoso do Courel

D./D^a _____
con D.N.I. _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Sinalar o que proceda:

_ No seu caso, que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020, de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do RD 463/2020, de 14 de marzo.

_ No seu caso, que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación no mes anterior á solicitude deste subvención de a lo menos o 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou no caso de non levar de alta os seis meses naturais esixidos para acreditar a redución de ingresos, durante o período de alta.

_ Que a actividade afectada polo peche de establecemento disposto polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un aumento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.

_ No seu caso, que a persoa solicitante viuse obrigado a tramitar un ERTE buscando garantir a supervivencia da empresa e o máximo mantemento do emprego.

_ Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a axuda á finalidade prevista nestas Bases comprometéndose no prazo dun mes desde a resolución da concesión da axuda, a presentar a documentación xustificativa do gasto realizado especificado no apartado 3º ao que destinaron a presente axuda e declaración responsable de que o mesmo non foi obxecto de ningunha outra subvención.

_ Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago de acordo á normativa de subvencións e que así mesmo se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións establecidas na Lei 38/2003 de 17 de novembro.

_ Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de outras subvencións ou axudas concedidas con anterioridade á presentación desta axuda coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.

Folgoso do Courel

O Solicitante

Asdo: _____



Concello de Folgoso do Courel

Á ALCALDESA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL (LUGO)

Os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), proporcionánselle a seguinte información en relación ó tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Folgoso do Courel, domiciliado en Praza Manuel Fraga Iribarne s/n 27325 Folgoso do Courel. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

Teléfono: 982 433001

Correo electrónico: info@folgosodocourel.com

FINALIDADE

No Concello de Folgoso do Courel tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas co fin da xestión de solicitudes de subvencións.

Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

LEXITIMACIÓN

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais encontra o seu fundamento no cumprimento da misión de interese público e a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

DESTINATARIOS

Non está prevista a comunicación de datos a terceiros nin a transferencia internacional de datos.

DEREITOS

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si, no Concello de Folgoso do Courel, estamos tratando datos persoais que lles atañan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder os seus datos persoais, así coma a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os/as interesados/as poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os/as interesado/as poderán opoñerse ó tratamento dos seus datos. O Concello de Folgoso do Courel deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

O/a interesado/a ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ó Concello de Folgoso do Courel nun formato estruturado, de uso común e lexible pola máquina. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito, foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados polo Concello de Folgoso do Courel de maneira automatizada (medios informáticos).